

co, se considerará definitivamente aprobado; en caso contrario, el Pleno resolverá en el plazo de un mes.

Baltar, 25 de febrero de 2016. El alcalde.

Fdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

R. 569

Ourense

Concellería de Xuventude

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de febreiro de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

24.- Aprobación das bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o fomento de actividades e proxectos xuvenís a prol do asociacionismo.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade doa asistentes (8 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar as bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o fomento de actividades e proxectos xuvenís a prol do asociacionismo.

2.- Ordenar a publicación das bases reguladoras no BOP para o seu xeral coñecemento e para os efectos.

Bases reguladoras da concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o fomento de actividades e proxectos xuvenís a prol do asociacionismo

O Concello de Ourense, a través da Concellería de Xuventude, e dentro do marco competencial da Lei 7/1985 das bases de réxime local, presenta como un dos seus obxectivos fomentar e consolidar a participación da mocidade na vida social, potenciando a súa capacidade de organización e autonomía dentro dos diferentes ámbitos sociais, facilitando o desenvolvemento de actividades por parte das asociacións xuvenís.

Nesta liña, a Concellería de Xuventude propón a concesión de subvencións para a realización de programas e proxectos xuvenís de interese xeral, dentro dos límites que determine o seu orzamento e garantindo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e atendendo á normativa básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e á Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

Artigo 1.- Condicións xerais

A contía máxima que se concederá a cada entidade prestadora de servizos á xuventude ou asociacións xuvenís non poderá superar o 75% do orzamento do conxunto de actividades presentadas por cada entidade ou asociación, sempre tendo en conta o crédito máximo dispoñible que con carácter anual se habilite no orzamento da Concellería de Xuventude.

Artigo 2.- Obxecto e finalidade

O obxecto destas bases é subvencionar actividades en materia de xuventude dirixidas a mozos e mozas con idades comprendidas entre os 15 e os 35 anos, a realizar durante todo o ano en curso.

Entenderase como actividades puntuais subvencionables as seguintes:

1.- Actividades dirixidas ao fomento e a participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen no termo municipal de Ourense.

2.- Programas de dinamización e animación xuvenil, sociocultural, psicosocial, de carácter formativo ou de prevención de condutas de risco.

3.- Actividades de tempo libre e de lecer.

4.- Actividades relacionadas coa diversidade intercultural.

5.- Actividades para o fomento do espírito emprendedor e para incentivar os valores de creatividade, iniciativa, responsabilidade e innovación na educación e formación dos/as mozos/as.

6.- Actividades de mobilidade xuvenil.

Quedan expresamente excluídas de acceder a estas bases:

1.- Aquelas programacións que poidan ser incluídas noutras liñas de financiamento do Concello de Ourense.

2.- Aquelas actividades que teñan como obxecto fundamental a promoción deportiva entre os seus participantes.

3.- Os proxectos ou actividades que poidan implicar algún tipo de discriminación por razóns de sexo, raza, ideoloxía ou condición social.

4.- Actividades de Entroido, festas, concertos e outras similares.

5.- As actividades reguladas de carácter docente e de formación complementaria a materias impartidas no marco do sistema educativo regulado, realización de másters e outras análogas.

6.- Aqueloutros programas ou actividades que non se axusten aos obxectivos, finalidade, principios e prioridades definidas nas bases reguladoras.

7.- As que non cumpran algún requisito das presentes bases, ou as referidas no artigo 2.2 da Ordenanza xeral municipal de subvencións.

Artigo 3.- Persoas beneficiarias e obrigas destas

Poderán solicitar a subvención as entidades ou asociacións que reúnan os requisitos xerais:

- Ser asociacións xuvenís, entidades prestadoras de servizos á xuventude, ou aquelas que poidan acreditar a existencia dunha sección xuvenil nos seus estatutos ou canles de actuación, que estean inscritas no Libro de Rexistro do Concello de Ourense e que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento das actividades proxectadas, sen prexuízo da obriga de acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

Quedan excluídas de acceder á condición de persoas beneficiarias:

1.- As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.

2.- As entidades cuxas solicitudes se presenten fóra do prazo establecido.

3.- As entidades e asociacións sen ánimo de lucro, públicas ou privadas, que non teñan o domicilio social no termo municipal de Ourense.

4.- As entidades que incorran nalgunha das causas de exclusión establecidas na normativa.

Serán obrigas das entidades ou persoas beneficiarias:

a) A achega entenderase tacitamente aceptada de non se producir manifestación expresa en contra dos beneficiarios no prazo de dez días dende a notificación.

b) Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría, etc,...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

c) Dar a adecuada publicidade de que os programas, actividades ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención son financiadas pola Concellería de Xuventude, de conformidade co previsto no artigo 11 desta convocatoria.

d) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente, así como calquera outra de verificación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores que non obre nos arquivos municipais.

e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Acreditar, con anterioridade a ditar a proposta de resolución de concesión, que está ao corrente no cumprimento das



súas obrigas tributarias e da Seguridade Social. A comprobación de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Ourense efectuarase de oficio.

g) Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento destas bases.

h) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

i) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

j) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autoría e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

k) As demais obrigas establecidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei 38/2003.

Artigo 4.- Solicitudes, prazo de presentación e documentación
1.- Modelo e presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega con estas bases reguladoras. Os impresos de solicitude da subvención (anexos a estas bases reguladoras) e canta información precise para a súa presentación, seranlles facilitados pola Concellería de Xuventude e na páxina web do Concello de Ourense (www.ourense.es).

As solicitudes serán dirixidas ao alcalde do Concello de Ourense, achegando a documentación solicitada nas bases reguladoras e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense, situado na Praza Maior, n.º 1, ou en calquera dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais dende o día seguinte ao da publicación de cada convocatoria anual no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

3.- Documentación

Sen prexuízo do establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a solicitude deberá vir cuberta e coa seguinte documentación:

a) Solicitude de subvención dirixida ao alcalde do Concello de Ourense, segundo o modelo normalizado (anexo I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.

b) Proxecto de actividades a favor do asociacionismo para os que se solicita subvención (anexo II). Encherase tantas veces como número de proxectos se soliciten.

c) Fotocopia do CIF da asociación ou da entidade solicitante.

d) Folla de terceiros (anexo III).

e) Declaración responsable ou certificación acreditativa de estar ao día nas obrigas tributarias con calquera das administracións e non estar incurso en ningunha das causas de exclusión e prohibición para obter a condición de beneficiaria que figuran nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como declaración das solicitudes de subvención realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (anexo IV).

f) Declaración responsable, para os efectos de acreditar ante a Concellería Delegada de Xuventude que a documentación marcada foi presentada ante esta concellería e non sufriu variación ningunha (anexo V).

g) Orzamento das actividades proxectadas (anexo VI).

Artigo 5.- Gastos subvencionables e non subvencionables

Gastos subvencionables.- Son gastos subvencionables aqueles que corresponden á natureza da actividade subvencionada,

sempre que figuren efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación aplicándose a cada convocatoria os gastos comprendidos entre o 1 de decembro do ano precedente ata o 30 de novembro de cada exercicio orzamentario. Tamén serán gastos subvencionables, sempre e cando están directamente relacionados coa actividade subvencionada, os gastos de administración de xestión, persoal, material funxible, limpeza, conexión telefónica, internet e o IVE, sempre e cando non sexa recuperable.

Gastos non subvencionables.- Os gastos xerais das entidades solicitantes relativos ao financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro de locais.

Artigo 6.- Subcontratación

Entenderase que existe subcontratación cando un beneficiario concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúa o obxecto da subvención.

As bases reguladoras de concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro fixan a porcentaxe máxima permitida para a subcontratación, que nunca poderá ser superior ao 50% do importe da actividade subvencionada.

Artigo 7.- Criterios de valoración

De conformidade co artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Xuventude destinadas para tal fin.

Teranse en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 20 puntos:

1.- Calidade do proxecto, e en particular, o seu grao de innovación con respecto ás necesidades xuvenís: valorarase a adecuación da actividade ao fomento e desenvolvemento da participación xuvenil e o impacto social do proxecto presentado na xuventude (ata 4 puntos).

2.- Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto: valorarase tanto os aspectos técnicos como económicos do proxecto presentado, cara á súa realización efectiva (ata 4 puntos).

3.- Implicación nos programas da Concellería de Xuventude: a propia concellería poderá informar de oficio da participación da asociación nos distintos programas (ata 2,5 puntos). Valorarase en proporción ao número de actividades nas cales participen.

4.- Utilización das instalacións municipais xuvenís para a realización do proxecto: polo menos nalgunha das accións do proxecto (ata 2,5 puntos). Valorarase en proporción ao número de actividades levadas a cabo en instalacións municipais.

5.- Colaboración doutras entidades no proxecto (ata 2 puntos) (0,5/entidade).

6.- Número de persoas destinatarias (ata 3 puntos).

7.- Emprego da lingua galega e da linguaxe non sexista: para a valoración teranse en conta tanto a redacción do proxecto como o contido deste, así como a publicidade (ata 2 puntos).

Serán rexeitadas todas aquelas solicitudes que non acaden un mínimo de cinco puntos.

Artigo 8.- Instrución

O órgano competente para a instrución do procedemento de subvencións será a coordinadora de Programas de Xuventude do Concello de Ourense, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se realice a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Se a solicitude, a documentación e a información presentada non reúnen os requisitos esixidos, o/a interesado/a será requirido para que no prazo de dez días, contados desde o día seguinte á recepción da notificación, corrixa as faltas ou ache-

que os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo, se desestimará a súa solicitude ao abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez solucionadas as deficiencias observadas, o expediente remitirase á Comisión de Avaliación, órgano colexiado composto por:

Presidenta: concelleira delegada de Xuventude.

Vogais: coordinadora de Programas de Xuventude.

Interventor municipal.

Xefe de Servizo de Xuventude.

Titular da Asesoría Xurídica.

Secretaria: xefa de Sección de Xuventude.

Todos os membros da Comisión de Avaliación poderán delegar na persoa que crean oportuna.

Artigo 9.- Prazo de resolución e de notificación

O prazo máximo para resolver e notificar a concesión ou denegación das axudas será de tres meses, contados dende a data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

De conformidade co disposto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexitima ás asociacións ou entidades solicitantes para entender desestimadas por silencio administrativo as solicitudes de concesión de subvencións.

Artigo 10.- Réxime de recursos

Estas bases reguladoras e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución esgotan a vía administrativa. Contra elas poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de conformidade co artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

E tamén, poderá interpoñerse con anterioridade e con carácter potestativo, contra as resolucións administrativas, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes. Este recurso entenderase desestimado por silencio administrativo se transcorre outro mes sen contestar.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras no BOP, e no caso das resolucións administrativas, a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

Artigo 11.- Publicidade de carácter público do financiamento da actividade

As entidades beneficiarias da subvención están obrigadas a dar a adecuada publicidade de que os programas, actividades ou actuacións obxecto de subvención son financiadas polo Concello de Ourense, requisito indispensable para poder ser beneficiario da subvención.

Establecerase de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro, que publiquen con motivo das actividades subvencionadas, o patrocinio do Concello de Ourense co logotipo da Concellería de Xuventude.

Todo material publicitario deberá realizarse en lingua galega, conforme ao disposto na Ordenanza municipal e normalización lingüística (BOP o 26 de setembro de 1998). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

Os beneficiarios, cando o conxunto de axudas públicas representen como mínimo o 40% dos seus ingresos anuais e a contía de 5.000 €, e, en todo caso, cando superen os 100.000 €, estarán obrigados a publicar na súa sede electrónica ou páxina web as subvencións recibidas das administracións públicas. Esta publicación poderá realizarse utilizando a base de datos nacio-

nais de subvencións no caso de entidades sen ánimo de lucro que persigan fins exclusivamente de interese social ou cultural e cuxo orzamento anual sexa inferior a 50.000 €.

Artigo 12.- Xustificación

A xustificación do cumprimento das condicións establecidas e da consecución dos obxectivos previstos realizarase mediante a presentación dunha conta xustificativa comprensiva dos seguintes extremos:

a) Instancia subscrita pola persoa representante da entidade beneficiaria da subvención dirixida ao alcalde do Concello de Ourense na que solicite o pagamento de subvención concedida (anexo VII).

b) Memoria detallada que inclúa a declaración das actividades financiadas coa subvención e o seu custo así como exemplares da publicidade, se fose o caso (carteis, dípticos, etc.).

c) Relación numerada de documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada con expresión mínima da data, provedor, obxecto facturado, importe total do documento e data de pagamento (anexo VIII). No caso da presentación de nóminas haberá que presentar tamén os modelos Tc1 e Tc2 correspondentes.

d) Presentación de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou laboral, por importe mínimo da cantidade subvencionada incrementada nun 25 %, e coa acreditación de estar pagas. As facturas deben ser orixinais e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e, de ser o caso, serie.

- Nome e apelidos ou denominación fiscal.

- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF).

- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.

- Lugar, concepto, data de emisión e selo.

A acreditación do pagamento farase:

- No caso de pagamentos que sexan iguais ou superiores a 1.000 € por provedor: presentación de documento bancario no que conste o terceiro a quen vai dirixido o pagamento e data na que foi realizado.

- No caso de pagamentos en efectivo: a factura virá asinada pola persoa responsable do cobro e selada no caso de ser unha persoa xurídica.

- Para o suposto de que se inclúan facturas, ou outros documentos, con retencións fiscais deberá achegarse xustificante de ter ingresado o seu importe na facenda pública (agás os correspondentes ao último trimestre do ano). As cantidades retidas en concepto de IRPF deben xustificarse mediante os modelos 111 e 190.

e) Liquidación de ingresos e gastos da actividade subvencionada, segundo o modelo normalizado (anexo IX).

f) Comunicación de outras axudas ou subvencións públicas recibidas para o mesmo proxecto.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a asociación ou entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado da factura orixinal (artigo 73 do Regulamento da Lei 38/2003), indicando nela o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente, incorporará ao expediente unha copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

As contas xustificativas deberán presentarse no prazo dun mes dende a finalización do programa da actividade subvencionada, e, en todo caso ata, o 30 de novembro do ano en curso.



Artigo 13.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións percibidas de entidades públicas

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases son compatibles coa percepción doutras axudas ou subvencións públicas para a mesma finalidade procedente de calquera administración, entidade ou persoa, agás do concello. En ningún caso o financiamento público poderá exceder do 100% do gasto da actividade subvencionada.

Artigo 14.- Reformulación do proxecto

No caso de que unha asociación ou entidade non puidese, excepcionalmente, desenvolver ningunha das actividades subvencionadas, poderáselle propor á Concellería de Xuventude o proxecto alternativo que se considere máis adecuado para o destino do importe subvencionado. Os cambios propostos serán debidamente razoados e presentados con, cando menos, un mes de antelación á execución prevista. As propostas de cambio formuladas pola entidade nunca se referirán a máis dun proxecto.

Serán valorados igualmente segundo os criterios establecidos nestas bases reguladoras e deberán xustificarse nos mesmos prazos e baixo as mesmas condicións.

Corresponderalle á Concellería de Xuventude a valoración da conveniencia e oportunidade de introducir os cambios previstos. O prazo de resolución da solicitudes de modificación da concesión será dun mes, dende a súa entrada no Rexistro Xeral do concello. Unha vez transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase desestimada a solicitude.

Artigo 15.- Pagamento

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez aprobada a conta xustificativa presentada polo beneficiario da subvención.

Procederáse á redución proporcional do importe da subvención nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificativo non acadase o importe da subvención incrementado nun 25%.
- Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.
- Cando se supere o 75% do custo da actividade, á hora de xustificar.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

Artigo 16.- Reintegro e perda do dereito á subvención

En caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia, en especial, o incumprimento do obxecto, condicións ou finalidade que motivaron a concesión da subvención, ou ausencia da pertinente xustificación, procederáse á tramitación dun expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda da subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose de acordo co principio de proporcionalidade. En todo caso, o reintegro ou a perda da subvención incluírán sempre e como mínimo os importes cuxo gasto non se tivese xustificativo no prazo.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propor as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Unha vez concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditará a resolución-liquidación da axuda o órgano municipal competente.

Artigo 17.- Publicidade

Coa finalidade de garantir o cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, de conformidade co previsto

no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obxecto de publicación as axudas outorgadas iguais ou superiores a 3.000,00 €, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario á que se imputen, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, a Concellería de Xuventude publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios/as e o importe das axudas concedidas, expresando, así mesmo, a convocatoria, programa e crédito orzamentario á que se imputen e a finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas e entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A persoa ou entidade beneficiaria poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos no suposto previsto na letra d) do parágrafo 2 do devandito artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

As resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro de Entidades Cidadáns do Concello de Ourense dependente da Concellería de Participación Cidadá, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos incorporados a el poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición pola persoa interesada.

A Concellería de Xuventude comunicarlle á Base de Datos Nacional de Subvencións os datos contidos no artigo 20.8 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Artigo 18.- Protección de datos

A achega dos datos estipulados nestas bases da convocatoria pública é necesaria para a concesión de subvencións pola realización de actividades xuvenís durante o ano en curso, e leva consigo a autorización para tratamento dos datos de carácter persoal, de acordo co disposto pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e demais normativa de desenvolvemento.

A asociación, no que respecta á consecución desta subvención municipal, está obrigada a observar as prevencións legais na recollida de datos contidos nos artigos 4, 5, 6 e 7 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A asociación comprométese a implementar nos seus sistemas técnicos e organizativos as medidas pertinentes que garantan a seguridade dos ficheiros automatizados e non automatizados que conteñan datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.

No caso de que a asociación destine, comunique ou utilice os datos para outra finalidade, incumprindo as estipulacións desta convocatoria, será considerado responsable do tratamento, respondendo das obrigas en que incorrese persoalmente conforme ao disposto na Lei orgánica 15/1999, así como calquera reclamación que polos afectados se formule ante a Axencia de Protección de Datos.

Artigo 19.- Disposicións derradeiras

O Concello de Ourense quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

En todo aquilo non previsto nestas bases reguladoras ateranse ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral municipal de subvencións do Concello de Ourense.

ANEXO II

1.- PROXECTO OU ACTIVIDADE

--

2.- ENTIDADE OU ORGANIZACIÓN PROMOTORA (se é o caso)

--

3.- PERSOA RESPONSABLE

--

4.- FUNDAMENTACIÓN (razón pola que se solicita a axuda)

ACTIVIDADES	DATA DE EXECUCIÓN

DESTINATARIOS/AS (quen vai participar nel, para quen se organizan as actividades, número aproximado de participantes, etc)

--



**SOLICITUDE DE APERTURA/MODIFICACIÓN DE FICHA DE TERCEIRO E PAGAMENTO POR TRANSFERENCIA
SOLICITUD DE APERTURA/MODIFICACIÓN DE FICHA DE TERCERO Y PAGO POR TRANSFERENCIA**

DATOS DO/A INTERESADO/A
DATOS DEL/DE LA INTERESADA

(Para encher polo/a interesado/a)
(A rellenar por el/la interesado/a)

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL/NOMBRE Y APELLIDOS O RAZÓN SOCIAL:	
NIF/CIF:	VÍA PÚBLICA, N.º, ANDAR/PISO, PORTA/PUERTA:
LOCALIDADE/LOCALIDAD:	
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	FAX:
NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE/NOMBRE Y APELLIDOS DEL/DE LA REPRESENTANTE:	
NIF:	TELÉFONO:
Data/Fecha:	
Conforme: O/A TERCEIRO/A Asdo/Fdo.:	

DATOS BANCARIOS
DATOS BANCARIOS

(Para cubrir pola entidade financeira)
(A cubrir por la entidad financiera)

ENTIDADE FINANCEIRA (Banco ou Caixa)/ENTIDAD FINANCIERA:	SUCURSAL:
VÍA PÚBLICA:	N.º
LOCALIDADE/LOCALIDAD: CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:

PAÍS N.º CONTROL	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	N.º DE CONTA/N.º DE CUENTA
<p>Data/Fecha:</p> <p align="center">Certificamos que a conta sinalada figura aberta nesta entidade a nome do/a interesado/a arriba mencionado/a: Certificamos que la cuenta señalada figura abierta en esta entidad a nombre del/de la interesado/a arriba mencionado/a: (Sinatura e selo da entidade financeira) (Firma y sello de la entidad financiera)</p>				

De conformidade co disposto na Lei de protección de datos (LO 15/1999), os datos de carácter persoal, recollidos neste impreso, serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade do seu uso dentro deste concello. O/a titular destes pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei, dirixíndose ao Excmo. Concello de Ourense. / De conformidad con lo dispuesto en la Ley de Protección de Datos (LO 15/1999) los datos de carácter personal, recogidos en este impreso, serán incorporados a un fichero automatizado con la exclusiva finalidad de su uso en este ayuntamiento. El/la titular de estos podrá ejercer su derecho de rectificación o cancelación en los términos de la ley dirigiéndose al Excmo. Ayuntamiento de Ourense



**ANEXO IV
DECLARACIÓN XURADA,
para a solicitude e a xustificación**

D./D.^a _____ (nome e apelidos),
con DNI. _____ e con domicilio en _____
que actúa como presidente/a da entidade _____
e CIF _____

D./D.^a _____ (nome e apelidos)
con DNI. _____ e con domicilio en _____
que actúa como secretario/a da entidade _____
e CIF _____

Formulamos solidariamente esta declaración xurada, para os efectos de acreditar ante o Concello de Ourense,

- 1- Que a entidade, nin os seus membros, nos casos legalmente establecidos, se atopen incurso en ningunha das prohibicións reguladas no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario de subvencións das administracións públicas.
- 2- Que o importe da subvención solicitada non supera o 75 % do custo realmente soportado pola entidade, considerando outras subvencións que puideran conceder coa mesma finalidade.
- 3- Que a entidade non é debedora da Facenda Estatal, Autonómica nin Local nin da Seguridade Social.
- 4- Que nos comprometemos a achegar a diferenza existente entre a cantidade subvencionada e o custo total da actividade.
- 5- Que nos comprometemos a custodiar os fondos da subvención, así como os documentos acreditativos da súa aplicación.
- 6- Que nos comprometemos a facilitar tanta información nos sexa requirida pola Concellería de Xuventude, referente a calquera circunstancia ou extremo relativo á subvención outorgada.
- 7- Non se percibiron outras axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados
 Percibíronse as seguintes axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados:

Subvención de:	Cantidade
Subvención de:	Cantidade
- 8- Que os xustificantes acreditativos dos gastos presentados se aplicarán (solicitude) ou se aplicaron (xustificación) á actividade subvencionada.

....., de de

Presidente/a

Secretario/a

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE



**ANEXO V
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.^a _____ (nome e apelidos)

con DNI _____ e como presidente/a da entidade _____

con CIF _____ e con domicilio en _____

D./D.^a _____ (nome e apelidos)

con DNI _____ como secretario/a da entidade _____

e con domicilio en _____

FORMULAMOS SOLIDARIAMENTE A PRESENTE DECLARACIÓN RESPONSABLE, para os efectos de acreditar ante a Concellería Delegada de Xuventude que a documentación marcada a continuación encontrase presentada ante a dita Concellería e non sufriu variación ningunha:

- Código de identificación fiscal (CIF) no caso de persoas xurídicas e o número de identificación fiscal (NIF) no suposto de persoas físicas.
- Inscripción no Rexistro de Entidades Cidadás do Concello de Ourense e nos rexistros oficiais segundo a natureza da actividade a subvencionar.
- Estatutos que rexen a entidade, así como certificación acreditativa dos cargos representativos e domicilio social no caso de persoas xurídicas.
- Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención.

....., de de

Presidente/a

Secretario/a

DNI:

DNI:

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE



**ANEXO VI
ORZAMENTO DA ACTIVIDADE PROXECTADA**

ORZAMENTO INGRESOS		ORZAMENTO DE GASTO	
	EUROS		EUROS
Ingresos da entidade por cotas		Gastos de persoal	
Ingresos ordinarios		Gastos de servizos	
Ingresos subvencións		Imprevistos	
Outros ingresos		Outros gastos	
TOTAL INGRESOS		TOTAL GASTOS	

Firma

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE



ANEXO VII XUSTIFICACIÓN

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE		CIF / NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO		PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> MEMORIA DETALLADA DAS ACTIVIDADES <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA (ANEXO IV) <input type="checkbox"/> RELACIÓN NUMERADA DOS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOS GASTOS REALIZADOS (ANEXO VIII) <input type="checkbox"/> PRESENTACIÓN DE FACTURAS CON ACREDITACIÓN DE TER REALIZADO O PAGAMENTO <input type="checkbox"/> LIQUIDACIÓN DE INGRESOS E GASTOS DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS (ANEXO IX) <input type="checkbox"/> UN EXEMPLAR DE TODA A DOCUMENTACIÓN IMPRESA QUE ACREDITE A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE

Ourense, de de

Firma

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE



ANEXO VIII
RELACIÓN NUMERADA DE DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS

N.º xustificante	N.º factura	Cantidade aplicada á subvención	Provedor/a	Concepto	Euros

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE



**ANEXO IX
LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS DA ACTIVIDADE PROXECTADA**

INGRESOS			GASTOS		
	PREVISTOS	REALIZADOS		PREVISTOS	REALIZADOS
Ingresos da entidade por cotas			Gastos de persoal		
Ingresos ordinarios			Gastos de servizos		
Ingresos subvención			Imprevistos		
INGRESOS			GASTOS		

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE

Concejalía de Juventud

La Junta de Gobierno Local, en la sesión ordinaria de 4 de febrero de 2016, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

24.- Aprobación de las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para el fomento de actividades y proyectos juveniles en favor del asociacionismo.

La Junta de Gobierno Local, de conformidad con la propuesta, por unanimidad de los asistentes (8 votos a favor), acordó:

1.- Aprobar las bases reguladoras de la concesión de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para el fomento de actividades y proyectos juveniles en favor del asociacionismo.

2.- Ordenar la publicación de las bases reguladoras en el BOP para su general conocimiento y efectos.

Bases reguladoras de la concesión de subvenciones a entidades sin ánimo de lucro para el fomento de actividades y proyectos juveniles a favor del asociacionismo.

El Ayuntamiento de Ourense, a través de la Concejalía de Juventud, y dentro del marco competencial de la Ley 7/1985 de Bases de Régimen Local, presenta como uno de sus objetivos fomentar y consolidar la participación de la juventud en la vida social, potenciando su capacidad de organización y autonomía dentro de los diferentes ámbitos sociales, facilitando el desarrollo de actividades por parte de las asociaciones juveniles.

En esta línea, la Concejalía de Juventud, propone, la concesión de subvenciones para la realización de programas y proyectos juveniles de interés general, dentro de los límites que determine su presupuesto y garantizando los principios de publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación y atendiendo a la normativa básica de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y la Ordenanza General Municipal de Subvenciones del Ayuntamiento de Ourense.

Artículo 1.- Condiciones generales

La cuantía máxima a conceder a cada entidad prestadora de servicios a la juventud o asociaciones juveniles no podrá superar el 75% del presupuesto del conjunto de actividades presentadas por cada entidad o asociación, siempre teniendo en cuenta el crédito máximo disponible que con carácter anual se habilite en el presupuesto de la Concejalía de Juventud.

Artículo 2.- Objeto y finalidad

El objeto de las presentes bases es subvencionar actividades en materia de juventud dirigidas a jóvenes con edades comprendidas entre los 15 y los 35 años, a realizar durante todo el año en curso.

Se entenderá como actividades puntuales subvencionables las siguientes:

